

GALICIA MÁXICA. ROMARÍAS E SANTUARIOS

Gustav Henningsen. Fotografías etnográficas (1965-1968)

En 1965 o doutor en antropoloxía Gustav Henningsen (Slagelse, Dinamarca, 1934) chegou a Galicia, cunha bolsa da Universidade de Copenhague, co fin de investigar para a súa tese doutoral, crenzas e tradicións vinculadas á historiografía da bruxería. Durante tres anos, xunto a súa muller Marisa, percorreu pobos e aldeas, achegándose a todo tipo de ritos e prácticas ancestrais, que recompilou nunha valiosa documentación fotográfica e oral, recollida coa axuda dunha cámara e un básico magnetófono. No ano 2015, o Museo do Pobo Galego dedicou unha mostra e unha documentada publicación a este acreditado folclorista danés, con imaxes realizadas na comarca de Ordés, e tituladas *Galicia máxica: reportaxe dun mundo desaparecido. Fotografías etnográficas 1965-1968*.

Esta nova cita, dando continuidade á anterior, está encabezada polo epígrafe *Galicia Máxica*, e aplícase a amosar en máis de oitenta fotografías os santuarios e romarías galegos máis significativos, un rigoroso traballo de campo que Henningsen levou a cabo a mediados da década dos sesenta. No inventario fotográfico de Henningsen, contéplanse os dous ámbitos que motivan as romarías como espazo para o sacro e o profano. Os dominios milagreiros coas procesións, as propiedades sandadoras, as ofrendas e exvotos, as poxas na Lanzada... acábanse por entrecruzarse cos festexos ao aire libre, as reunións e animadas celebracións festivas.

O profesor titular de Antropoloxía Cultural da USC, Xosé Ramón Mariño Ferro, contextualiza cos seus textos as imaxes de Henningsen, conectando o estudo antropolóxico coas orixes, a motivación e os distintos e variados argumentos históricos:

Frei Pedro de Santa María y Ulloa ou “Pedro Manzanas”

Esta romaría singular celébrase na igrexa parroquial de Santa María de Ois, no concello de Coirós, os tres domingos seguintes ao de Pascua e ao do Corpus. Venérase a figura de Pedro Manzanas del Corral, un santo por aclamación popular, nacido na parroquia en 1642. Cando ingresou nos dominicos tomou como primeiro apelido o nome da súa parroquia e de segundo, o segundo de seu pai, converténdose en Pedro de Santa María y Ulloa. Foi misioneiro en América e África. Asentouse en Sevilla, onde gañou enorme popularidade por propagar a devoción ao santo rosario, sobre o que escribiu varias obras. Morreu en dita cidade en olor de santidad en 1690. Atribuíanse milagres e curacións de posuídos polo demo. Aínda que non prosperou o proceso de beatificación e canonización, a súa fama de santo fixo que na parroquia natal e comarca lle pedisen todo tipo de favores. Son innumerábeis os milagres que os seus devotos lle atribúen. Un, titulado “As dúas irmás e o milagre de Frei Pedro”, recólleo Leando Carré Alvarellos en As lendas tradicionais galegas; Frei Pedro convertera en guapa unha moza fea.

Santa María de Iria Flavia

Na igrexa de Iria Flavia, antiga sede episcopal, existe un sartego no que en 1675 se descubriu que o corpo depositado dentro permanecía incorrupto. Axiña comezaron a visitalo enfermos coa esperanza de curarse. Sabemos que no ano 1850 levaron a Rosalía de Castro, nena de delicada saúde. En 1979 aínda concorreron ao sartego oitocentos enfermos. Acudían sobre todo nenos enfermos de mal de aire, unha das doenzas máis claramente relacionadas coa impureza ritual descrita no Levítico. O rito consiste en deitar o enfermo, en decúbito supino, sobre a tampa do sartego, rodándoo tres veces a cada lado. O procedemento é similar ao que usan os curandeiros para tratar o mal de aire de morto sobre unha lápida do cemiterio. Neste caso, ao rito de expulsión da enfermidade ao lugar que lle corresponde, súmase a idea de contacto co santo.

Nosa Señora da Barca

O santuario da Nosa Señora da Barca pertence á parroquia de Muxía, no concello do mesmo nome. A romaría celébrase o primeiro domingo posterior ao 8 de setembro. A lenda explica a orixe das tres pedras situadas entre a ermida e o mar, as chamadas Pedra de Abalar, Pedra dos Cadrís e Pedra do Temón.

Nosa Señora da Franqueira

A festa celébrase o luns de Pascua e o 8 de setembro na parroquia da Franqueira, no concello da Cañiza. O máis destacado é a procesión. A imaxe da Virxe, en lembranza do que asegura a lenda, vai nun carro do país tirado por unha ou dúas xugadas de bois. O carro, que entra na igrexa a recoller a Nosa Señora, está manipulado de forma que o eixe "cante de ledicia" por transportar semellante carga. Póxase entre os devotos o honor de portar as aguilladas.

Nosa Señora da Lanzada

Esta romaxe, que se celebra o derradeiro sábado de agosto e o domingo seguinte na parroquia de Noalla, no concello de Sanxenxo, teno todo: escenario magnífico, fermosa ermida e ritos tan sorprendentes como o de varrer detrás do altar, o da tella, o da cama de pedra e, sobre todo, o das nove ondas. Os devotos ofrecen sandías.

Nosa Señora do Corpiño

Este santuario famoso pola asistencia de endiañados está na parroquia de Santa Baia de Losón, no concello de Lalín. O día de maior concorrencia de devotos é o 24 de xuño; tamén acode moita xente o 25 de marzo e, menos, o 8 de setembro. Innumerábeis romeiros pasan por debaixo da imaxe durante a procesión.

Nosa Señora dos Milagres de Amil

Na parroquia de San Mamede de Amil, no concello pontevedrés de Moraña. A romaxe ten lugar o primeiro domingo despois do 8 de setembro. As mozas facían nós nunha xesta para solicitar noivo e os que se salvaran da morte por intervención da Virxe portaban un cadaleito na procesión. Este santuario, como outros moitos, dispón dunha acolledora carballeira para a festa profana.

Nosa Señora dos Milagres de Caión

Na parroquia de Santa María do Socorro de Caión, no concello de Laracha. A romaría comeza o domingo anterior ao 8 de setembro, co traslado da imaxe da Virxe desde a igrexa parroquial ao santuario, que queda a uns dous quilómetros. O domingo seguinte devolven a imaxe á igrexa parroquial. En tempos os romeiros chegaban a pé cargando pedras que depositaban no amilladoiro formado no alto do monte do santuario.

San Benitiño da Cova do Lobo

Celébrase esta romaxe na parroquia de Piñor, concello de Barbadás, o día 11 de xullo. Nas proximidades da ermida hai un gran penedo, o Penedo Vigón, que é unha pedra furada pola que se fai pasar os enfermos de tangaraño –raqitismo nos nenos provocado polo diaño-. Fraguas, con bo criterio, afirma que o remedio non é automático, que se obtén pola mediación de san Bieito.

San Campio de Lonxe ou San Campio do Monte

Na parroquia de Figueiró, concello de Tomiño. Dous días de celebración: unha celebración solemne o derradeiro domingo de xullo, e outra menor, o primeiro sábado e primeiro domingo de agosto. O comezo do culto ao San Campio de Lonxe arrinca coa doazón dun pequeno fragmento dunha reliquia do santo, ao parecer procedente da catedral de Santiago. O santuario foi construído en 1804 e a imaxe do santo encargárona en Portugal. Houbo un forte disputa entre as parroquias de Figueiró e a de Estás por acaparar a romaría. Como o San Campio de Entíns, o de Lonxe cura o meigallo e, santo militar, protexe os soldados durante o servizo. Ao regresar a procesión, poxábase por levar as andas no momento de cruzar o limiar da igrexa. Algúns devotos ofrecen o seu peso en trigo, centeo ou sal. Para pesarse, usan unha especie de balanza xigante; nun dos pratos séntase o devoto e no outro poñen a ofrenda.

San Pedro Mártir de Belvís

Na igrexa de Belvís, en Santiago de Compostela, festexan o 29 de abril ao veronés San Pedro Mártir, que morreu asasinado no bosque de Fermo. Tamén se lle dá culto en Ribadavia, Ortigueira e Tui. A igrexa de Belvís, obra do xenial Fernando de Casas Novoa, foi construída no XVIII. A romaría, á que acoden devotos do rural, está especializada na curación de enmeigallados e mal de ollo.

San Román de Saxamonde

Os devotos de san Román acoden á parroquia de Saxamonde, no concello de Redondela, o día 18 de novembro. O etnógrafo Lis Quibén, no seu documentado traballo *La medicina popular en Galicia*, destaca deste santuario a súa fonte, a onde concorren persoas da provincia de Pontevedra e do resto de Galicia. Bañan na fonte de santo os nenos, a maioría enfermos de mal de aire, e deixan alí a roupa que traían posta.

Santa Xusta de Moraña

Este santuario, que conta cunha fermosa carballeira, está na parroquia de Santa Xusta, no concello de Moraña. As mozas solteiras facían polo camiño nós nas follas do millo para pedir un mozo á santa. O ritual para curar endiañados descríbese por primeira vez, en ton crítico de poeta decimonónico, Benito Losada, en 1880. Segundo lle informaron a Carmelo Lisón cando el fixo traballo de campo nos anos sesenta, aínda o cura do santuario exorcizaba os posuídos e lles bendicía a roupa. Pasáballes unha reliquia pola cabeza e ombreiros e mandábaos lavar na fonte da santa e beber auga. Di unha cantiga:

Santa Xusta de Moraña,
santa Xusta morañesa,
santa Xusta de Moraña
sanoume a miña cabeza.

Santo André de Teixido

O santuario de Santo André está no lugar de Teixido, que pertence á parroquia de Santa María de Régoa, no concello coruñés de Cedeira. Unha das moitas particularidades da romaxe de Santo André de Teixido é que non se limita á unha data concreta. Como a de Compostela, pode realizarse calquera día do ano, pero existen días de maior concurrencia de peregrinos: o venres, sábado e domingo de Pentecostés; o 24 de xuño; o período comprendido entre o 16 de agosto e o 9 de setembro; o terceiro venres, terceiro sábado e terceiro domingo de setembro; o 29 de setembro; e do 27 ao 30 de novembro, festa do santo. Os amilladoiros centenarios, a adiviñación na fonte, as ofrendas de ataúdes, a herba de namorar, a romaría dos espíritos e os bechos peregrinos fan de Santo André de Teixido o santuario máis interesante de Galicia e probabelmente de Europa.

Santo Antón de Rodís

O da parroquia de San Martiño de Rodís, en Cerceda, é un dos moitos santuarios dedicados a San Antón onde se lle pedía a protección dos animais domésticos. Tamén asistían devotos galegos ao San Antón de Agolada e ao San Antón de Herbón. En Francia o gando, en especial o cabalar, estaba baixo o coidado de san Eloi, a quen a lenda lle atribuíu a profesión de ourive, ferreiro e ferrador prodixioso, e que loce cravos e ferraduras como atributos.